A escritora María Xosé Queizán falará do seu libro "Meu pai vaite matar" no club de lectura Sete Vidas

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 06 Novembro 2012 01:08



Este martes 6 de novembro na Biblioteca Municipal de Gondomar ten lugar a cita mensual co club de lectura Sete Vidas que mantén a asociación Espazo Lectura. Nesta ocasión, os lectores e lectoras que queiran achegarse á biblioteca poderán falar arredor do libro de relatos Meu pai vaite matar (Edicións Xerais) da autora María Xosé Queizán. A actividade comeza ás 20.00 horas.

A partir das 21.00 horas, María Xosé Queizán achegarase á biblioteca de Gondomar para conversar sobre a súa obra coas persoas que acudan ao club.